

Lei 8/1993, do 23 de xuño, de administración hidráulica de Galicia.

(DOG núm.125, de 2 de Xullo de 1993)

Sumario

(Reprodúcese unicamente o capítulo IV da lei relativo ó canon de saneamento)

CAPITULO IV. CANON DE SANEAMENTO.

Artigo 33.

Artigo 34.

Artigo 35.

Artigo 36.

Artigo 37.

Artigo 38.

Artigo 39.

Artigo 40.

Artigo 41.

Artigo 42.

DISPOSICIÓNS ADICIONAIS.

Disposición Adicional Primeira.

Disposición Adicional Segunda.

DISPOSICIÓNS TRANSITORIAS.

Disposición Transitoria Primeira.

Disposición Transitoria Segunda.

Disposición Transitoria Terceira.

Disposición Transitoria Cuarta.

DISPOSICIÓNS FINAIS.

Disposición Final Primeira.

Disposición Final Segunda.

Disposición Final Terceira.

CAPITULO IV. Canon de Saneamento.

Artigo 33.

1. Créase un canon de saneamento, con carácter de ingreso de dereito público, aplicable no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.
2. O seu rendemento destinarase integramente ó financiamento de gastos de investimento e de explotación de infraestructuras de evacuación “en alta” e de tratamento de augas residuais, de acordo coa programación aprobada polo Consello da Xunta de Galicia.
3. O ente autónomo Augas de Galicia realizará a xestión do canon e aplicaráo ás finalidades concretas ás que o mesmo se destina.
4. O ente autónomo Augas de Galicia está obrigado a levar un rexistro separado dos recursos obtidos por este concepto, que poderá ser fiscalizado pola Consellería de Economía e Facenda.

Artigo 34.

1. Constitúe o feito impoñible do canon de saneamento a produción de vertidos de augas e de produtos residuais realizados directa ou indirectamente. En todo caso, enténdese realizado o feito impoñible polo consumo ou pola utilización potencial ou real da auga de calquera procedencia.
2. Non darán lugar á aplicación do canon de saneamento os usos da auga correspondente a:
 - a. Subministración en alta a servizos públicas de distribución de auga potable.
 - b. Alimentación de fontes públicas ou monumentais, bocas de rega e extinción de incendios a cargo de entidades públicas.
 - c. A utilización de auga para o uso de rega agrícola
 - d. Os usos domésticos nos núcleos de poboación que non dispoñan de sumidoiro, mentres este non entre en funcionamento. *(apartado engadido pola disp. adicional oitava Lei 7/1999, do 29 de decembro).*
3. Establécese unha dedución do 50% da cota tributaria do canon de saneamento para os

usos domésticos da auga das familias numerosas que acrediten formalmente tal condición, de acordo coa normativa aplicable na materia. *(apartado engadido por disp. adicional oitava Lei 7/1999, de 29 de decembro)*

Artigo 35. *(segundo a redacción dada disp.adicional terceira Lei 6/1998, do 29 de decembro)*

1. Estará exento do canon de saneamento o consumo ou a utilización de auga para usos domésticos nas aglomeracións urbanas de menos de 2.000 habitantes, entendidas estas como aquelas zonas xeográficas formadas por un ou varios municipios, ou parte dun ou varios deles, que pola súa poboación ou actividade económica constitúan un foco de xeración de augas residuais que xustifique a recollida e condución a unha instalación de tratamento ou a un punto de vertido final. Regulamentariamente determinarase a relación de aglomeracións urbanas que, consonte o antes disposto, non estarán exentas do canon de saneamento. O límite do número de habitantes poderá ser variado anualmente na Lei de orzamentos da Comunidade Autónoma.
2. Enténdese por habitante a definición de habitante-equivalente contida no artigo 2.f) do Real decreto lei 11/1995, do 28 de decembro, polo que se establecen as normas aplicables ó tratamento das augas residuais urbanas. *(apartado engadido por disp. adicional cuarta Lei 8/2001, de 2 de agosto).*

Artigo 36.

1. O canon devengarase no momento de producirse o vertido ou ben no momento no que se produza o uso ou consumo de auga procedente de entidades subministradoras ou de captacións propias.
2. Para os efectos do previsto nesta lei, teñen a condición de entidades subministradoras de auga as persoas físicas ou xurídicas de calquera natureza que mediante instalacións de titularidade pública ou privada efectúen unha subministración “en baixa” de auga potable.

Artigo 37.

1. Son suxeitos pasivos en calidade de contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas de calquera natureza e demais entidades sen personalidade xurídica ás que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria que efectúen vertidos ou, se é o caso, utilicen ou consuman auga.
2. Cando o consumo ou a utilización de auga non proveña de captacións propias do suxeito pasivo e se realice a través de entidades que efectúen a subministración “en baixa” de auga potable, estas terán a consideración de suxeitos pasivos substitutos do contribuínte.

Artigo 38.

1. Tódalas entidades públicas ou privadas subministradoras de auga que desenvolvan a súa actividade no territorio de Galicia están obrigadas a facturar e recadar dos seus abonados o canon de saneamento. As cantidades percibidas por este concepto seranlle ingresadas ó ente autónomo Augas de Galicia mediante autoliquidación na forma e nos prazos que regulamentariamente se establezan.
2. A administración liquidaralle o canon directamente ós suxeitos pasivos que sexan titulares de captacións propias de augas superficiais ou subterráneas, ou que sen selo e sen recibir auga dunha entidade subministradora efectúen vertidos contaminantes. Neste caso, na forma, nos prazos e nos supostos que regulamentariamente se determinen, poderá establecerse a obriga de realizar declaración-liquidación do canon a cargo do suxeito pasivo.

Artigo 39. *(segundo redacción dada disp. adicional sétima Lei 6/1994, de 29 de decembro)*

1. A base imponible do canon consiste:
 - a. En xeral, no volume de auga consumida ou utilizada no período que sexa considerado.
 - b. Nos casos nos que a Administración, de oficio ou a instancia do suxeito pasivo, opte pola determinación por medida directa ou por estimación obxectiva singular da carga contaminante, a base consistirá na contaminación efectivamente producida ou estimada expresada en unidades de contaminación.
2. Os parámetros e as unidades de contaminación que se consideran na determinación da carga contaminante no período considerado son os seguintes: *(segundo redacción Artigo 33 Lei 8/2003, de 29 de decembro).*

Parámetros e as unidades de contaminación

Parámetros	Unidades de contaminación
a) Materias en suspensión (MES)	Kg
b) Sales solubles (SOL)	S/CM M ³
e) Materias oxidables (MO)	Kg
d) Metais (MT)	Kg equimetal
e) Materias inhibidoras (MI)	Equitox

3. Regulamentariamente poderán establecerse métodos de estimación obxectiva singular da base impositiva, aplicables nos supostos seguintes:
 - a. Captacións superficiais ou subterráneas de auga non medidas por contador.
 - b. Cando a base impositiva consista na carga contaminante do vertido e esta mesma non fose obxecto de medida directa particularizada

Artigo 40. (segundo redacción dada disp. adicional sétima Lei 6/1994, do 29 de decembro)

1. O tipo de gravame exprésase en euros/m³ ou en euros pola unidade de contaminación en función da base impositiva á que teña que aplicarse(1). Establécense os seguintes valores do tipo de gravame do canon:
 - A. Usos industriais ou asimilados:
 - Tipo xeral por volume: 0,351 euros/m³
 - Materias en suspensión: 0,205 euros/kg.
 - Sales solubles: 3,296 euros/S/cm.m³.
 - Materia oxidable: 0,411 euros/kg.
 - Metais: 9,261 euros/kg equimetal.
 - Materias inhibidoras: 0,043 euros/equitox.
 - B. Usos domésticos: 0,209 euros/m³

(1) (segundo redacción Artigo 58.Un da Lei 16/2008, do 23 de decembro, de OXCA de Galicia para o ano 2009 (DOG nº 253, do 31 de decembro de 2008)).

2. A Lei de presupostos xerais poderá modificar para cada exercicio orzamentario os valores por tipo unidade de volume e por cada unidade de contaminación.
3. Para os efectos da aplicación do canon reputaranse como usos domésticos da auga todos aqueles supostos de utilización da auga que non teñan a consideración de industriais ou asimilados, segundo o disposto no apartado seguinte.
4. Terán a consideración de usos industriais ou asimilados da auga os efectuados polos usuarios, cando o consumo anual de auga sexa igual ou superior a 3.000 m², ou, cando sendo inferior, orixine contaminación de carácter especial na súa natureza ou na súa cantidade. Para estes efectos, considerarase producida tal contaminación cando esta sexa superior á equivalente a unha poboación de 200 habitantes.
5. Fíxase como cantidade de contaminación diaria equivalente a un habitante:
 - a. 90 gramos de materia en suspensión.
 - b. 57 gramos de materias oxidables.
6. Corresponderalle á Lei de presupostos o establecemento de coeficientes de concentración demográfica que afecten ó tipo de gravame en relación cos usos domésticos da auga. Os ditos coeficientes atenderán á poboación total e ó seu grao de dispersión en cada municipio.
7. Coeficiente de vertido ó mar:
 - a. O tipo de gravame aplicable nos vertidos ó mar efectuados mediante instalacións de saneamento privadas será o resultado de multiplicar os tipos xerais fixados no punto 1 anterior polos seguintes parámetros e coeficientes:

Parámetros e coeficientes

Parámetro	Coefficiente
Sales solubles	0
Materias inhibidoras	1
Resto de parámetros	Coefficientes de dilución

- b. Os baremos de aplicación do coeficiente de dilución serán os que a continuación se indican:

Baremos de aplicación

Valores de dilución inicial	Coefficiente por dilución(kd)
11.000 ou máis	0,30
Entre 7.000 e menos de 11.000	0,45
Entre 4.000 e menos de 7.000	0,60
Entre 2.000 e menos de 4.000	0,70
Entre 1.000 e menos de 2.000	0,75
Entre 100 e menos de 1.000	0,80
Menos de 100	1,00

A Lei de presupostos xerais poderá modificar para cada exercicio orzamentario os valores deste coeficiente.

8. ⁽²⁾Coefficiente de Piscifactorías:

Nos usos industriais da auga procedente de captacións superficiais do dominio público-hidráulico realizados en piscifactorías, o tipo de gravame aféctase polo coeficiente seguinte en función da relación de dimensionamento.

Relación de Dimensionamento	Coefficiente de Piscifactoría (kp)
Menos de 500	0,01
Entre 500 e menos de 1.000	0,02
Entre 1.000 e menos de 1.500	0,03
Entre 1.500 e menos de 2.000	0,04
Entre 2.000 e menos de 3.000	0,05
Entre 3.000 e menos de 5.000	0,10
Entre 5.000 e menos de 10.000	0,15
Entre 10.000 e menos de 20.000	0,20
Entre 20.000 e menos de 30.000	0,25
Entre 30.000 e menos de 100.000	0,30

Sendo a dimensión de dimensionamento o valor de multiplicar o volume anual, cuantificado por algún dos sistemas referidos no artigo 39, expresado en m³, pola superficie das balsas de cultivo, expresado en m², e dividido entre a superficie das balsas de decantación multiplicada por 20.000, expresado en m². Nos termos que regulamentariamente se establezan, cando a instalación dispoña de sistemas de filtración adecuados para o tratamento do vertido, estes coeficientes afectaránse por un factor de 0.8

⁽²⁾ (segundo redacción Artigo 58.Dous da Lei 16/2008, do 23 de decembro, de OXCA de Galicia para o ano 2009 (DOG n.º 253, do 31 de decembro de 2008).

Artigo 41. (segundo redacción dada disp. adicional sétimo Lei 6/1994, de 29 de decembro)

1. A cota tributaria será o resultado de multiplicar:
 - a. Nos supostos a que se refire o artigo 39.1.a), el volume de auga, consumida no período considerado, expresado en m³, polo tipo de gravame correspondente.
 - b. Nos supostos a que se refire o artigo 39.1.b), aquelas unidades de contaminación producidas no período considerado, correspondentes a cada un dos parámetros definidos no artigo 39.2, polo tipo de gravame correspondente a cada un delas, modulado, no caso de vertido ó mar, polo coeficiente referido no artigo 40.7
2. Nos usos industriais e asimilados, a cota do canon, cando sexa calculada polo procedemento de medida directa da contaminación, poderá modificarse en razón das achegas ou detraccións de auga que efectúe o contribuínte ó longo do proceso. A dita modificación, cando proceda, operarase mediante a aplicación dun coeficiente corrector do volume igual á relación existente entre o caudal de auga vertida e o caudal subministrado ou utilizado.

Artigo 42. (artigo engadido por disp. adicional sétima Lei 6/1994, do 29 de decembro)

1. A xestión, liquidación e recadación do canon de saneamento efectuarán de acordo co disposto nesta lei e no seu regulamento do seu desenvolvemento. Supletoriamente, rixe a lexislación xeral tributaria.
2. As infraccións tributarias do canon de saneamento regulado na presente lei serán cualificadas e sancionadas de conformidade co disposto na Lei xeral tributaria.
3. Os efectos de xestión, liquidación e recadación dictados polo ente autónomo Augas de Galicia en relación co canon de saneamento serán reclamables ante os órganos económico-administrativos da Comunidade Autónoma.

Disposicións adicionais

Primeira.

1. Créase a Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos, como entidade de dereito público da Xunta de Galicia, que ten por obxecto a xestión daquelas obras e a prestación daqueles servizos que pola súa contía ou entidade lle sexan encomendados, dentro do programa de actuacións do ente autónomo Augas de Galicia. A dita entidade ten personalidade xurídica propia e plena capacidade e autonomía para o cumprimento dos seus fins. A súa actividade adecuarase ó ordenamento xurídico privado, sen prexuízo das relacións que resulten da súa adscrición administrativa.
2. O Consello de la Xunta de Galicia aprobará o estatuto de dita empresa e determinará o momento do comezo da súa actividade.
3. O órgano colexiado superior da empresa é o seu consello de administración.

O presidente do consello de administración, que á súa vez exercerá a presidencia da empresa, será nomeado de entre os seus membros polo Consello da Xunta de Galicia por proposta do conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda. O presidente ten a representación legal da empresa e exerce as súas funcións directivas e executivas superiores.

Formarán parte do consello de administración:

- a. O director xeral de Obras Públicas da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda.
- b. Tres vocais designados pola Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda.
- c. Un vocal designado pola Consellería de Economía e Facenda.
- d. Ata dous vocais máis en representación doutros departamentos da Administración autonómica.

Pertencer ó consello de administración non xerará dereitos laborais

(apartado modificado polo art. 28 da Lei 7/2002, do 27 de decembro).

4. O persoal da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos poderá ser contratado en réxime de dereito laboral ou ser funcionario, ou asimilado, ó servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, adscrito á empresa. (apartado engadido polo art. 29 da Lei 7/2002, do 27 de decembro) .

Segunda. (apartado engadido por disp. adicional cuarta Lei 8/2001, do 2 de agosto)

1. A aprobación dos proxectos de obras hidráulicas que leve a cabo a Administración hidráulica de Galicia levará implícita a declaración de utilidade pública e a necesidade de ocupación dos bens e dereitos afectados para os efectos da súa expropiación forzosa, da ocupación temporal e da imposición ou modificación de servidumes. A declaración de utilidade pública e necesidade de ocupación refírense tamén ós bens e dereitos afectados polo replánte do proxecto e polas modificacións de obras que se poidan aprobar con posterioridade.
2. Os proxectos correspondentes a obras hidráulicas que non esgoten a súa funcionalidade no termo municipal onde se localicen non estarán suxeitos a licencia municipal nin a calquera acto de control preventivo municipal ós que se refire o artigo 84.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e o artigo 286.1.b) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia. A execución destas obras, sempre que se leve a cabo de acordo cos proxectos aprobados e se lles dea información previamente ás administracións locais correspondentes, non poderá ser suspendida polos órganos urbanísticos competentes .

Disposicións transitorias.

Primeira.

1. O persoal funcionario actualmente adscrito ós servizos hidráulicos dependentes da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas poderá integrarse no cadro do persoal do ente público Augas de Galicia sen aliteración na súa situación administrativa.

Esta integración axustarase, en todo caso, ás necesidades de persoal do ente público, segundo a relación de postos de traballo que se aprobe.

O persoal desta clase que non se integre en Augas de Galicia terá opción a prestar os seus servizos noutros órganos da Administración autonómica.

2. O persoal laboral que actualmente preste os seus servizos na Administración hidráulica quedará integrado en Augas de Galicia, conservando os dereitos laborais de todo tipo que teña recoñecidos; a integración axustarase á estrutura do cadro de persoal que no seu momento se aprobe.
3. O persoal interino e contratado administrativo que á entrada en vigor desta lei prestase os seus servizos na Administración hidráulica da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas poderá así mesmo ser integrado en Augas de Galicia na forma prevista no punto 1 anterior. En todo caso, o dito persoal poderá acceder á condición de funcionario de carreira nos termos establecidos pola Lei da función pública de Galicia, nas mesmas condicións que o que non exercitase a opción de integración.

O persoal desta clase que non se integre continuará prestando os seus servizos na Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas.

4. A integración no cadro de persoal do ente público Augas de Galicia entenderase sen menoscabo dos dereitos adquiridos con anterioridade polo persoal que a exercite.

Segunda.

Mentres non sexan aprobadas as disposicións regulamentarias relativas á composición dos órganos colexiados do ente autónomo Augas de Galicia nin constituídos efectivamente os devanditos órganos, os actos da Administración hidráulica de Galicia que, segundo a presente lei requiren a intervención daqueles, poderán adoptarse polo órgano competente en cada caso, debendo contarse coa autorización do conselleiro de Ordenación do Territorio e Obras Públicas cando a resolución corresponda a un órgano dependente ou adscrito á citada Consellería.

En ningún caso a constitución de tales órganos debe ser superior ó ano desde a entrada en vigor desta lei.

Terceira.

Ata que non sexan aprobados os instrumentos de planificación hidrolóxica das concas hidrográficas comprendidas integramente no territorio de Galicia, as concesións de aproveitamento de bens de dominio público hidráulico outorgaraas o órgano competente logo de valoración da solicitude, considerando os recursos dispoñibles na área afectada por aquela e a súa adecuación ás necesidades efectivas do petionario, da acordo coa orde de preferencia que establecen os artigos 58.3º e 58.4º da Lei estatal de augas.

Cuarta. *(apartado engadido por disp. adicional oitava Lei 7/1999, do 29 de decembro).*

A exención establecida na letra d) do punto 2 do artigo 34 desta lei e a dedución do punto 3 do mesmo artigo só producirán efecto a partir da entrada en vigor da norma regulamentaria onde se establezan os requisitos e procedementos para a súa aplicación.

Disposicións derradeiras

Primeira.

O organismo autónomo Augas de Galicia someterá o seu réxime económico, financeiro e orzamentario á Lei 11/1992, do 7 de outubro (LG 1992\257 e LG 1992\278), de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, ás leis de presupostos da Comunidade Autónoma e á demais normativa aplicable.

Augas de Galicia gozará do mesmo tratamento fiscal que a Comunidade Autónoma, por ser Administración institucional desta

Segunda.

Autorízase ó Consello da Xunta de Galicia para que dicte as disposicións regulamentarias que sexan precisas para o cumprimento desta lei.

Terceira.

A través da Lei de presupostos da Comunidade Autónoma poderán establecerse as modificacións oportunas en canto á regulación legal do canon de saneamento establecido na presente lei.